


A FESTA DAS CABAZAS

A FESTA DOS CALACÚS



SAMAÍN, 2015

MATERIAIS



**CEIP MILLADOIRO de MALPICA DE BERGANTIÑOS
XEFATURA DE ESTUDOS E EQUIPO DE DINAMIZADORES**

**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA
GALEGA**

CEIP GALÁN de OSEIRO-ARTEIXO (A CORUÑA)

**EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
CEIP DE GALÁN**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AS ORIXES DO SAMAÍN

A noite do 31 de outubro comezaba o aninovo celta, como aínda se celebra na illa de Man.

Nesta noite as ánimas dos finados voltan visitar ás súas familias e ás súas vellas casas para quentárense a carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes.

O cristianismo, adoptando o aninovo dos celtas e a súa festa á honra dos mortos, designaría o primeiro de novembro como Día de Todos os Santos, e no século XII, o día seguinte, estableceríao como Día dos Defuntos.




1.- Que día comezaba o aninovo celta?

2.- Que fan as ánimas dos finados ao comezo do aninovo celta?

3.- Que día celebra o cristianismo o aninovo dos celtas?

5.- Que camiño seguirá esta ánima para chegar á casa dos seus parentes?



A LENDA DAS CABAZAS, CATRO TEXTOS

Chega o outono. Tempo de castañas, noces, vento, follas secas e días escuros. É o tempo de recoller o maínzo e as cabazas. É tamén o tempo en que a rapazada fai as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.



Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era poñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que tal costume se perdeu, máis hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns e poñer no seu interior unha candeia que escintile pola noite.



Os celtas tiñan un grande respecto polos mortos. Nas súas caveiras poñían unha candeia para que, ao escintilar pola noite, puxera medo no corazón da xente. Tal cousa faciana ao chegar os tempos escuros do ano, que ao andar o tempo, foise transformando na festa dos defuntos.

Hoxe en día xa non se practican tales crenzas, máis ao longo do tempo mantívose un costume derivado destas: tallar caveiras na cortiza das cabazas e alumealas cunha candeia no seu interior.


1.- Que fai a rapazada cando chega o outono?

2.- Que facían os celtas coas caveiras dos inimigos mortos?

3.- Por quen tiñas os celtas un gran respecto?



O ENCRUCILLADO DO SAMAÍN





1.- CELTAS 2.- CABAZAS 3.- MAN 4.- ÁNIMAS
5.- CRISTIANISMO 6.- OUTONO


HORIZONTAIS

- 1.- Antigos habitantes de Galicia.
- 2.- Planta que se recolle no outono e na que, despois de tallada, se lle pon unha candeia para poñer medo á xente.
- 3.- Illa na que aínda se celebra o aninovo celta.
- 4.- Espíritos que voltan visitar ás súas familias e ás súas vellas casas na noite do aninovo celta, o 31 de outubro.
- 5.- Relixión que adoptou o 1 de novembro como Día de Todos os Santos.
- 6.- Época do ano na que se celebra o Samaín.

A FOTOCOPIA DA CABAZA




OS BOLECHAS



Os Bolechas van ir á festa dos Calacús que fan na escola e teñen que levar cadanseu calacús.

Os Bolechas van á festa dos Calacús, de Pepe Carreiro. Edit. A Nosa Terra

Tata leva unha laranxa porque é pequeno e aínda non pode cun cabazo.



Velaí van todos co papá á parada do autobús escolar.



QUE LEMBRAS DA LECTURA?

1.- A que festa van ir os Bolechas?

2.- Onde vai ser a festa?

3.- Que leva Tata para a festa?

4.- Porque leva Tata unha laranxa?

5.- Con quen van todos os rapaces?


6.- Que tipo de transporte van coller os Bolechas?

7.- Que animal aparece nas imaxes dos Bolechas?
Arrodea a súa silueta.





O LABIRINTO DO MOUCHO

Que camiño terá que seguir o morcego para chegar a casa do seu amigo o moucho?



O LABIRINTO DA OLA

Que camiño terá que percorrer a araña para chegar á súa arañeira?



COMO SE TALLA UNHA CABAZA?



1 Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantará máis tempo.

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servirache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.

4

Talla unha cara que dea moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz, a boca...





5

Decora a cabaza, colócalle unha candeia no interior e xa está. Colócaa na fiestra, na terraza, nun valado, no camiño e... a meter medo á veciñanza!



UN MORCEGO

Pinta de negro as ás do morcego. Pinta, tamén de negro, unha pinza de madeira, con rotuladores ou témpera. Recorta as ás e os ollos e monta as dúas cousas sobre a pinza. Xa tes o morcego!





MODELO



OUTRO MORCEGO

Pinta de negro as ás do morcego, as orellas e o cilindro do papel hixiénico. Recorta as ás, os ollos e as orellas do morcego. Pégaas sobre o cilindro negro e debúxalle a boca.



MODELO



DÚAS PANTASMAS

Pinta e recorta as pantasma. Pégaas en cadansúa paliña e xa tes dous monicreques.




UNHA CABAZA PARA O SAMAÍN

Recorta a cabaza, pícalle os ollos, o nariz e a boca e pégalle papel celofán de cores nos ocos. Cólgaa dun fío ou péga na fiestra.




A CAVEIRA ARREPIANTE!!!

Colorea de negro a caveira. Pícalle os ollos, a boca e o nariz. Recórtaa e pégalle papel celofán de cores pola parte posterior. Cólga dun fío ou pé-gaa na fiestra.



UN ESQUELETO DE MEDO

Recorta o esqueleto seguindo as liñas, pícalle os furados e móntao con encadernadores.




MEDIO MORCEGO

Serás quen de completar o morcego? Coloréao, recórtao e cólgao dun fío.



UN ANTEFACE PARA O SAMAÍN

Colorea o anteface de cabaza, pícalle os ollos, recórtao, colócalle unha goma e xa es unha auténtica cabaza con pernas.





A SOPA DE CABAZA

Colorea a bruxa que está a preparar unha rica sopa de cabaza e recórtaa.





O ESTANDARTE DO SAMAÍN (1 DE 2)

Colorea a cabaza das dúas fichas. Pícalles os ollos, nariz e boca. Pégalle papel celofán pola parte posterior. Recorta as cabazas, decóraas con papeis de cores, pega unha coa outra e colócalle un paño polo medio.



O ESTANDARTE DO SAMAÍN (2 de 2)

Colorea a cabaza das dúas fichas. Pícalles os ollos, nariz e boca. Pégalle papel celofán pola parte posterior. Recorta as cabazas, decóraas con papeis de cores, pega unha coa outra e colócalle un paño polo medio.







UN CREBACABEZAS

Colorea as pezas, recórtaas e monta unha cabaza.



O MÓBIL

Colorea, recorta, pica e monta as pezas deste móbil do Samaín.



UN PIN DO SAMAÍN

Colorea, recorta, plastifica a cabaza e pégalle pola parte posterior unha pinza ou un clip e poderás lucir o pin conmemorativo do Samaín deste ano.





SAMAÍN, 2015




CON ÁS DE MORCEGO

Para facer un auténtico morcego-pinza só precisas unhas pinzas da roupa, colorear e recortar estas ás, pegarllas á pinza nos laterais e colocar o morcego-pinza na camisa, nun libro... onde ti queiras.






A PANTASMA

Para facer esta pantasma só precisas dun prato de cartón, para a cara, un folio para facerlle o corpo, colorear os ollos e a boca, recortar e pegarlle os brazos.







UN ESQUELETO PARA O SAMAÍN

Colorea de negro o borde do esqueleto, os ollos, o nariz... e deixa sen colorear os ósos. Recorta o esqueleto polo borde exterior, plastifícao e pégalle unha pinza pola parte posterior. Xa tes listo un pin para lucir este Samaín, 2013!




E OUTRO MORCEGO MÁIS ...

Colorea de negro o corpo e as ás do morcego. Pega o corpo e as ás, os ollos e os cairos. Picalle ao morcego un furadiño na parte posterior, colócale un fío e xa o tes listo para colgar na aula, na casa, no portal, no...





UN CRANIO PELADO, PELADO...

Colorea de negro os ollos, o nariz, a beira da boca e pega todas as pezas pola parte anterior e posterior. Terás dúas caveiras nunha soa. Faílle un furadiño na parte posterior, colócalle un fío e... a colgala!.





UN MONICREQUE

Colorea o morcego polas dúas partes. Recórtao e pegao cunha palliña ou un pau pequeniño polo medio. Xa podes xogar co teu monicreque.





UNHA GUIRNALDA DE CAVEIRAS

Colorea de negro as caveiras, recórtaas, xúntaas cos do resto da clase e pégadeas nun fío para conseguir a guirnalda coa que decorar a aula, os corredores...





UNHA GUIRNALDA DE CABAZAS

Colorea da cor que queiras as cabazas, recórtaas, xúntaas cos do resto da clase e pégadeas nun fío para conseguir a guirnalda coa que decorar a aula, os corredores...



UNHA GUIRNALDA DE MORCEGOS

Colorea de negro os morcegos, recórtaos, xúntaos cos do resto da clase e pégadeos nun fío para conseguir a guirnalda coa que decorar a aula, os corredores...



UNHA GUIRNALDA DE MOUCHOS

Colorea de negro os mouchos, recórtaos, xúntaos cos do resto da clase e pégadeos nun fío para conseguir a guirnalda coa que decorar a aula, os corredores...

